

## A ENFERMIDADE MENINGOCÓCICA EN GALICIA NA TEMPADA 2018/19

Na tempada 2018/2019 notificáronse en Galicia 25 casos de enfermidade meningocócica, que supoñen unha taxa incidencia de 0'93 casos por cen mil habitantes (c/10<sup>5</sup>h), que é unha das taxas máis baixas endexamais rexistradas.

Todos os casos foron confirmados microbioloxicamente, mais en catro deles non se puido identificar o serogrupo. Destes, o máis frecuente foi o serogrupo B, con 11 casos e unha taxa de 0'41 c/10<sup>5</sup>h, que aínda que é algo maior que a de tempadas previas, mantense en niveis historicamente baixos. Ademais, os seis casos que ocorreron en nenos de menos de 10 anos de idade debéronse a este serogrupo [Apéndice].

Cinco casos (0'19 c/10<sup>5</sup>h) debéronse ao serogrupo C, unha cifra que non se acadaba dende a tempada 2007/08. Dous dos casos tiñan 26 e 28 anos e, aínda que poderían ter recibido, respectivamente, unha dose de vacina na campaña de 2006 e de 1996/97, de ningún constaban antecedentes de vacinación. Os outros tres casos tiñan entre 45 e 90 anos.

De se confirmar, este aumento da incidencia da enfermidade debida ao serogrupo C, indicaría a diminución da inmunidade nos adolescentes, que é o sector da poboación que ten a maior prevalencia de portadores de meningococos.

Coa campaña de vacinación 2006, na que se vacinaron os que entón tiñan entre 13 e 25 anos, acadouse unha inmunidade moi elevada nestas idades, mais a mocidade actual ten unha inmunidade que deriva da súa vacinación cando eran nenos e, co paso do tempo, vaíse perdendo a capacidade para impedir o estado de portador chegada a adolescencia. Para evitar este proceso e conseguir unha boa inmunidade na mocidade, en 2014 trasladouse unha das doses do primeiro ano de vida aos 12 anos.

Os outros cinco casos (0'19 c/10<sup>5</sup>h), que tiñan entre 36 e 81 anos, debéronse ao serogrupo W, que está medrando en Galicia –como no resto de España– dende a tempada 2015/16, debido a un xenosubtipo (W:P1.5,2) que produciu importantes aumentos noutras partes do mundo.

Por este motivo, na dose dos 12 anos, vense de cambiar a vacina fronte o serogrupo C pola vacina fronte aos serogrupos A, C, W e Y, co obxectivo de que, polo efecto indirecto da vacinación, a inmunidade da mocidade protexa a todas as idades. Ademais, para acelerar este proceso, realizarase unha campaña de captación en 2020, para os nados de 2001 a 2003, e 2021, para os nados de 2004 a 2006.

## USO EXCESIVO DE ANTIBIÓTICOS EN ATENCIÓN PRIMARIA EN 2018

Para cuantificar o uso de antibióticos nunha poboación, a OMS recomenda empregar a dose diaria definida (DDD) por mil habitantes e día (DHD). A DDD corresponde á dose de mantemento na indicación principal para unha vía de administración determinada en adultos. A DDD establécena expertos e actualízase periodicamente, como ocorreu en 2019 con diferentes antibióticos, entre os que se atopaba a amoxicilina con ácido clavulánico (A+C).

Ao afectar a antibióticos moi usados, a actualización do valor da DDD tivo un impacto moi importante no da DHD. Por exemplo, coas DDD antigas, en 2017 dispensáronse na farmacia comunitaria de Galicia 32'0 DHD de antibióticos de uso sistémico (os integrados na rúbrica J01 na clasificación ATC/DDD [ligazón]), que se converten en 25'6 DHD coas novas DDD. Do mesmo xeito, o antibiótico máis usado nese ano, A+C, deba conta do 43% das DHD coas DDD antigas, mentres que coas novas da conta do 34%.


Con todo, o uso de antibióticos en atención primaria durante 2018, 25'3 DHD, sitúan a Galicia no terceiro lugar de maior consumo detrás de Chipre (28'3 DHD) e Grecia (32'4 DHD). A figura que acompaña este texto indica a posición do uso en Galicia a respecto dos outros vinte e nove países de Europa que enviaron datos ao ECDC, dende o de menor uso, Holanda

con 8'9 DHD, ata o de maior, Grecia, xunto á mediana dos países (16'3 DHD) [ligazón].

Ademais, como en anos anteriores, coincidindo coa semana de concienciación sobre o uso prudente dos antibióticos, a DXSP publicou o informe sobre o seu uso en Galicia durante o ano anterior, neste caso 2018 [BEG], que –como en informes previos– amosa que ademais de que se receitan demasiados antibióticos, en certa medida estes están mal seleccionados.

En concreto, o uso ambulatorio de antibióticos de Galicia, comparado co dos países de Europa, foi excesivo, especialmente no que atinxe ás penicilinas e ás quinolonas, feito que só se pode explicar porque se prescriben antibióticos cando son innecesarios; e ponse de manifesto tamén, que hai un uso excesivo dos de amplo espectro en relación aos de espectro reducido [Apéndice], feito que, dende o punto de vista do control das resistencias a antibióticos, suxire unha mala selección do tratamento.

Especialmente negativa é a proporción que supoñen as receitas de amoxicilina con ácido clavulánico [Apéndice], polo que para 2019 o Sergas estableceu obxectivos específicos de redución da súa prescrición, ademais doutro sobre a redución global de antibióticos.



## A ENFERMIDADE MENINGOCÓCICA EN GALICIA NA TEMPADA 2018/19

A Táboa amosa o número de casos de enfermidade meningocócica (EM) notificados en Galicia na tempada 2018/2019, xunto á a taxa de incidencia en casos por cen mil habitantes, por grupo de idade e por serogrupo. A columna “DES” recolle os casos con EM confirmada nos que non se puido identificar o serogrupo.

Idade (en anos)	Nº de casos					Taxa de incidencia				
	B	C	W	DES	EM	B	C	W	DES	EM
< 2 anos	1				1	2'63				2'63
2-4 anos	3				3	5'27				5'27
5-9 anos	2				2	1'82				1'82
10-14 anos				1	1			0'87		0'87
15-19 anos										
20-24 anos	1			1	2	0'93		0'93		1'85
> 24 anos	4	5	5	2	16	0'18	0'23	0'09	0'23	0'74
Todos	11	5	5	4	25	0'41	0'19	0'15	0'19	0'93


Un informe sobre a enfermidade meningocócica en Galicia nas tempadas inmediatamente anteriores, da 2012/13 á 2017/18 pódese consultar no seguinte [BEG](#).

## USO EXCESIVO DE ANTIBIÓTICOS EN ATENCIÓN PRIMARIA EN 2018

A relación entre antibióticos de amplo espectro e os de espectro reducido é un dos indicadores que emprega o Centro Europeo para a Prevención e o Control das Enfermidades (ECDC) para avaliar a calidade do uso dos antibióticos en atención primaria. Como antibióticos de amplo espectro inclúe amoxicilina con ácido clavulánico, cefalosporinas de segunda e terceira xeración e todos os macrólidos agás a eritromicina; mentres, como antibióticos de espectro reducido inclúe as penicilinas sensibles a betalactamasa, as cefalosporinas de primeira xeración e a eritromicina.

Cos datos de Galicia en 2018, o cociente entre as DHD dos primeiros e os segundos (75) ocupa o cuarto peor lugar entre os países de Europa. Isto débese tanto ao sobreuso dos antibióticos de amplo espectro como ao infrauso dos de espectro reducido. Por exemplo, a amoxicilina con ácido clavulánico supuxo o 34% das DHD usadas en atención primaria (e o 25% dos envases), mentres que as penicilinas sensibles a betalactamasa (como a fenoximetilpenicilina) supuxeron o 0'26 das DHD (e o 0'92% dos envases).

Pola súa banda, tamén resulta excesivo o uso de cefalosporinas de terceira xeración (como a cefixima ou o cefditoreno), e ademais ven medrando nos últimos anos. Na figura da esquerda pódese ver a posición de Galicia en uso de cefalosporinas de terceira xeración na atención primaria durante 2018, expresado en DHD, mentres que na da dereita pódese ver o de penicilinas sensibles a betalactamasa.



Fonte: ECDC. Base de datos de consumo de antimicrobianos (ESAC-Net): [ligazón](#).